



**Instrución 2/2020, da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Investigación, en relación coas estadias da convocatoria de axudas predoutorais do ano 2019 como consecuencia da situación creada pola evolución da pandemia do COVID-19.**

Pola Orde do 31 de decembro de 2018, conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, establécense as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, cofinanciadas parcialmente no ámbito das universidades do SUG polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e convócanse para o exercicio 2019 (DOG Núm. 21, de 30 xaneiro de 2019).

No artigo 2.4 da Orde do 16 de xuño de 2020, conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se amplía a duración e o crédito das axudas vixentes, entre outras, da convocatoria predoutoral de 2019 como consecuencia da situación creada pola evolución da pandemia do COVID-19, indícase que:

“As persoas contratadas con cargo á Orde do 31 de decembro de 2018, que teñen concedida unha axuda para a realización dunha estadia de tres meses de duración no estranxeiro entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2020 e que non a puideron realizar ou completar pola crise sanitaria provocada pola pandemia do Covid 19, poderán solicitar a través das entidades contratantes unha modificación das datas de realización das estadias ata o 31 de outubro do 2021, sempre que non coincidan cos últimos seis meses de contrato.”

Co fin de aclarar as dúbidas xurdidas debidas as diferentes casuísticas que se dan entre as persoas investigadoras con dereito a esta estadia, o secretario xeral de Universidades e a directora da Gain, no uso das competencias que temos atribuídas, ditamos a seguinte instrución:

1. As persoas investigadoras que tiñan concedida unha estadia para o ano 2020 e que non a puideron realizar, poden solicitar un cambio de datas e/ou destino para realizala no segundo semestre deste ano, sempre que finalicen antes do 1 de novembro, ou entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2021.
2. As persoas investigadoras que a tiñan previsto realizar no segundo semestre de 2020 e que prevexan que non a van poder realizar nas datas e/ou no destino propostos tamén poden solicitar o cambio de datas e/ou destino para realizala entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2021.
3. As persoas investigadoras que iniciaron a súa estadia e que a tiveron que interromper por causa da pandemia poden solicitar realizar o período pendente para completar os 3 meses no segundo semestre de 2020, finalizando antes do 1 de novembro, ou entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2021. Nestes casos, de maneira excepcional e cando non sexa viable finalizar a estadia no mesmo centro, podería autorizarse un cambio de centro e que a estadia sexa discontinua.

As persoas investigadoras terán que presentar a súa solicitude a través da entidade contratante, que será a encargada de tramitala á Secretaría Xeral de Universidades ou á Gain, segundo corresponda, antes do 1 de outubro de 2020.

Santiago de Compostela (data/sinatura dixital)

O secretario xeral de Universidades  
José Alberto Díez de Castro

A directora da Axencia Galega de Innovación  
Patricia Argerey Vilar

